

RELEV@2

MOCIDADE ABORDO

PROGRAMA DE CONTIDOS

O proxecto está dividido en tres bloques temáticos. Valorizar todos os tramos do proceso da pesca, marisqueo e acuicultura, promover unha nova cultura medioambiental e entender o turismo como unha actividade máis, pero non a única, vai posibilitar que os mozos e mozas chamados a seguir coas economías destes GALPs poidan diversificar en función da súa creatividade, formación académica e sobre todo espírito emprendedor e poidan xerar novas e modernas actividades económicas en cada territorio.

Os tres bloques de contidos son:

- PESCA E ACUICULTURA

- COMERCIALIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN

- TURISMO E DEPORTES Náuticos

As sesións terán unha duración de aproximadamente 50 minutos, para adaptarse as propias sesións dos centros de educación. O enfoque e metodoloxía que se levará a cabo será a través de conversacións entre docentes/profesionais e alumnado, onde o propio alumnado poida expresar as súas inquedanzas para que resultan totalmente prácticas e o máis produtivas posibles.

De xeito transversal, en todas as sesións haberá uns conceptos que sempre estarán presentes, como son a sostibilidade e os modelos de crecementos sostible, baseados nas políticas europeas e na Axenda 2030 de Creceemento Sostible.





Asímesmo, estarán sempre presentes as políticas de igualdade de xénero. Todas as actividades contempladas e os contidos que se aborden irán destinados a mulleres e homes sen ningún tipo de diferenza ao igual que as saídas profesionais das que se lles fale nas sesións e durante as visitas.

As sesións serán as seguintes:

- PESCA E ACUICULTURA

- 1º *SESIÓN*: SECTOR EXTRACTIVO sector primario: coñecemento do sector propiamente extractivo ou produtivo, ata a chegada á lonxa do produto.

- 2º *SESIÓN*: OFICIOS E TRABALLOS

- 3º *SESIÓN*: FORMACIÓN E SALIDAS PROFESIONAIS EN PESCA E ACUICULTURA

- COMERCIALIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN

- 1º *SESIÓN*: TRANSFORMADO: Todas as posibilidades de transformación do produto, e con isto toda a industria e postos de traballo creados.

- 2º *SESIÓN*: COMERCIALIZACION: Unha vez abandona a lonxa, todos os puntos de venda xerados e a loxística arredor.

- 3º *SESIÓN*: SAÍDAS PROFESIONAIS EN TORNO AO PRODUTO MARIÑO.

- TURISMO

-1º *SESIÓN*: RECURSOS TURÍSTICOS VINCULADOS AO MAR (PATRIMONIO)

-2º *SESIÓN*: FIGURAS TURÍSTICAS VINCULADAS AO TRABALLO NO MAR: Turismo mariñeiro, pescaturismo...

-3º *SESIÓN*: TURISMO ACTIVO E NAUTICO.